

# Concello de Mondariz

Expediente núm.: 931/2019

Memoria Justificativa

Procedemento: Procedemento de Contratación

Interesado:

Data de iniciación: 15/05/2018

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### 1. Xustificación da necesidade do contrato.

O Concello de Mondariz dispón dun número moi reducido de operarios no servizo de Vías e Obras, o que ocasiona un retraso nos traballos que son competencia do Concello. Para moitos destes traballos existen maquinarias que o facilitan e axilizan. Por este motivo, o Concello de Mondariz precisa dunha minicargadora e cullerón varredora que ofrecerá unha versatilidade extraordinaria para traballar nunha ampla gama de competencias municipais e permitirá mellorar o mantemento da rede viaria ( limpeza de cunetas, retirada de terra que impide o paso dos vehículos, ... ), así como pequenos arranxos nas estradas municipais e facilitará o traballo en avarías de auga, xa que o servizo de auga préstase con medios propios.

Tamén se lograría un aforro económico ao non precisar alugar ningún vehículo nin contratar a ningunha empresa externa, para executar estes traballos. Ademais poderase atender mais axilmente as necesidades da veciñanza ao estar a disposición permanente dos empregados municipais autorizados dita maquinaria.

### 2. obxecto do contrato

O obxecto do presente contrato é o subministro dunha minipala cargadora con cullerónvarredor para a limpeza e mantemento das beiras dos viais e camiños municipais e que pasará a formar parte da rede de maquinaria do Concello.

### 3. Marco normativo

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adelante, LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

### 4. Análise Económica a. Financiamento.

A Presidencia da Deputación de Pontevedra en Resolución de 4 de maio de 2018 (registro de entrada nº 1473 de 15/05/18) concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro das bases reguladoras do Plan Concellos 2018-2019 (LIÑA 1) por importe de 26.500,00 €, destinada a “adquisición dunha minicargadora e cullerón varredor”, e que supoñen o financiamento do 100 % do importe total do investimento.

### b. Valor Estimado

Valor estimado (sen IVE):	21.900,83 €
---------------------------	-------------



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra  
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006  
info@concellodemondariz.com



Cod. Validación: 6663TXGQEF9CSW5969Y4ZTF9H | Corrección: http://mondariz.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

# Concello de Mondariz

## c. Orzamento base de licitación

Límite máximo de gasto, incluído IVE: 26.500,00 €

Formulación a prezo fixado.

Importe sen IVE: 21.900,83 € (1)

IVE (21 %): 4.599,17 €

Total con IVE: 26.500,00 €

## d. Prezo

Sistema de determinación: Prezos unitarios sen revisión nin variación dos mesmos en función do cumprimento ou incumprimento de obxetivos de prazos ou de rendemento.

## e. Aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2019	163.6230090	26.500,00 €

As actuacións contan coa participación da Deputación Provincial de Pontevedra con cargo á subvención concedida mediante Resolución de 4 de maio de 2018 (registro de entrada nº 1473 de 15/05/18) ó abeiro das bases reguladoras do Plan Concellos 2018-2019 (LIÑA 1) por importe de 26.500,00 €, destinada a “adquisición dunha minicargadora e cullerón varredor”, e que supoñen o financiamento do 100 % do importe total do investimento.

Polo que o crédito dispoñible será de 26.500,00 euros, financiado con cargo á aplicación orzamentaria: 163.6230090.

## f. Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A presente actuación non afectará á estabilidade orzamentaria debido a que está financiada na súa totalidade por ingresos afectados procedentes de outras administración (Deputación Provincial de Pontevedra).

Respecto da sustentabilidade financeira é preciso sinalar que coa adquisición desta maquinaria se lograría un aforro económico ao non precisar alugar ningún vehículo nin contratar a ningunha empresa externa, para executar estes traballos polo que os gastos de mantemento da máquina terían unha transcendencia orzamentaria escasa en comparación co aforro estimado.

## 5. Análise do Procedemento

### a. Xustificación do procedemento

Se prevé a utilización do procedemento administrativo aberto e a súa tramitación ordinaria. A presentación de ofertas e solicitudes de participación nesta licitación será a través de medios electrónicos de conformidade cos requisitos establecidos na disposición adicional 15ª da LCSP.

### b. Cualificación do contrato

O presente contrato se configura como un contrato de suministro de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

### c. Análise de execución por lotes

A xustificación de non dividir en lotes o obxecto do contrato por existir motivos válidos recollidos no art. 99.3 y 116.4 g) LCSP, en concreto ,o feito de que, estamos ante o suministro dunha única unidade (unha minipala cargadora con cullerónvarredor) dentro do



# Concello de Mondariz

---

obxecto do contrato polo que resulta imposible a división do mesmo en lotes desde o punto de vista técnico.

## **e. Duración**

A maquinaria obxecto do subministro deberá ser entregada no lugar indicado ao efecto pola administración municipal, no prazo máximo de **45 DÍAS** desde a formalización do contrato. Ao tratarse dun prazo de execución, o tempo operará como simple circunstancia da prestación, polo que o contrato se entenderá extinguido cando se cumpra satisfactoriamente a prestación ou se adopte acordo de resolución do contrato.

En todo caso, o contratista esta obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización.

## **e. Responsable do contrato.**

En aplicación do artigo 62.2 da lei 9/2017 que regula os Contratos do Sector Público, o responsable do contrato será o Encargado de Obras e Servizos do Concello de Mondariz que será nomeado polo órgano de contratación, e lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aquel lle atribúa (art. 62.1.2 LCSP)

## **f. Órgano de contratación.**

O órgano de contratación deste contrato será o Alcalde de acordo coa DA 2ª da LCSP.

## **6. Publicidade.**

A presente memoria débese publicar no perfil de contratante de acordó co artigo 63.3 a) da LCSP.

En Mondariz a 21 de novembro de 2019.

O ALCALDE (asinado electrónicamente).

